

Programa

- 1. Overtura de EGMONT**
Ludwig van Beethoven
- 2. Credo RV 591 (1º mov.)**
Antonio Vivaldi
- 3. Lascia ch'io pianga (da ópera RINALDO, acto 2º escena 4ª)**
- 4. Ombra mai fu (da ópera XERXES, acto 1º escena 1ª)**
Georg Friederich Haendel
- 5. Chour de tembleurs (da ópera ISIS, acto 4º escena 1ª)**
Jean-Baptiste Lully
- 6. Laudate Dominum (das VESPERAE SOLENNES DE CONFESSORE, K339, 5º movemento)1**
- 7. O Isis und Osiris (da ópera DIE ZAUBERFLÖTE, K 620, acto 2º número 10)2**
- 8. Terzettino (da ópera COSÍ FAN TUTTE, K 588, acto 1º escea 6º)**
Wolfgang Amadeus Mozart
- 9. Intermezzo de CAVALLERIA RUSTICANA**
Pietro Mascagni
- 10. Vi ravisó, o luoghi ameni (da ópera SONNAMBULA, acto 1º, número 4 - nº49 de ensaio)3**
Vincenzo Bellini
- 11. O mio babbino caro (da ópera GIANNI SCHICCHI, acto)4**
Giacomo Puccini
- 12. Entreacto e Barcarolle (da ópera LES CONTES D'HOFFMANN, acto 3º)**
Jacques Offenbach
- 13. Coro de zíngaros (da ópera IL TROVATORE, acto 2º, escena 1ª)**
- 14. Coro de escravos (da ópera NABUCO, acto 3º)**
Giuseppe Verdi

*Inés Rouñada, soprano*1
*F. Javier Rodríguez, baixo*2
Julio Méndez , baixo 3
*Paloma Suanzes, soprano*4

Director do coro: Fernando G.. Jácome
Director: Xan Carballal

Diciás...

que non che
gustaba a ópera?

Hoxe, gala lírica:
Ópera, Oratorio e Cantata

- Orquestra Clásica de Xove
- Coral do Hospital de Lugo

Sábado 16 de xuño de 2012
ás 20:00 horas
Círculo de las Artes (Lugo)

Organiza:

Coral
do Hospital
de Lugo

www.coralxeralcalde.info

Colabora:



A ópera Egmont, que conta a historia do flamenco Conde de Egmont contra a monarquía española, foi estreada un 15 de xuño de 1810. A obertura desta obra, canto contra a opresión, foi himno oficioso da revolución húngara de 1956. Hoxe, 202 anos e 1 día despois da estrea, e coa sociedade clamando contra a tiranía do noso tempo, dá comezo o noso recital.

Antonio Vivaldi (1678 – 1741) compuxo o Credo en mi menor baseándose na texto do Credo Niceno, e construíuno en catro movementos. Destes, hoxe intepretaremos o electrizante primeiro movemento.

Georg Friederich Händel (1685 – 1759), un dos máis influíntes compositores da música occidental, compuxo 43 óperas. Rinaldo foi estreada en Londres, no King's Theatre, en 1711. O máis famoso desta opera é a aria "Lascia ch'io pianga" (Deixa que eu chore a miña cruel sorte), que é cantada con frecuencia polos máis afamados intérpretes. A seguinte aria "Ombra mai fu", pertence a outra das súas óperas: Serse, estreada en 1738, tamén no King's Theatre. Esta aria dá comezo á ópera na que aparece o xove rei persa Serse que, admirado polo agarimo da sombra dun Plátano, canta: "Ombra mai fù di vegetabile cara ed amabile soave più" (Xamáis houbo sombra vexetal tan querida e agarimosa). Ao remate da aria Serse queda inmóbil admirando a árbore.

Giovanni Baptista Lully (1632 – 1687) foi o creador da ópera francesa. En 1677 estreouse Isis, unha ópera que sitúa a acción, no seu IV Acto, nos xeados lugares de Escitia (hoxe Ucraína). O famoso Coro dos tremorosos, que hoxe oiremos, representa os atecidos habitantes de Escitia lamentándose da friaxe e transidos polo frío.

Wolfgang Amadeus Mozart (1756 – 1791) compuxo en 1780 unha das obras relixiosas máis relevantes da historia da música, as Vésperas solemnes de confesores, cando traballaba na súa cidade natal, Salzburg, para o príncipe-arcebispo Colloredo. O 5º movemento "Laudate Dominum", pon música de xeito sublime ao texto do salmo CXVII: "Louvade ao Señor todas as nacións, aclamádeo todos os pobos..."

En 1791, o ano da súa morte, Mozart compón e estrea "Die Zauberflöte" (A fruta máxica). Trátase dunha ópera que agocha no seu argumento unha alegoría da masonería. Sarastro, sacerdote do Templo de Isis e Osiris, invoca a estes deuses para que a parella protagonista, que se vai someter a unha proba de purificación, saia con ben da proba. Óese tamén un coro de sacerdotes repetindo as palabras de Sarastro.

Mozart estreou Così fan tutte ossia La scuola degli amanti (Así fan todas, ou A escola dos amantes) a comezos de 1790. Esta ópera bufa - cuxo argumento en certo modo parece sacado da novela de Cervantes "El condenado por desconfiado" - conta a historia de dous mozos que queren poñer a proba a fidelidade das súas noivas. Na escena que

representamos, eles finxen marchar para a guerra e elas, desconsoladas, deséxanlles que a viaxe polo mar lles sexa favorable, suaves os ventos e tranquilas as ondas...

Cavalleria rusticana foi a primeira ópera rematada e representada de Pietro Mascagni (1863 – 1945). Escrita para ser presentada nun concurso de composición, a ópera obtivo grande éxito desde a súa primeira representación, ao remate da cal o autor tivo que saír saudar nada menos que corenta veces. O Intermezzo é unha peza moi coñecida desta obra.

Vincenzo Bellini (1801 – 1835) estreou a ópera La sonnambula en Milán en 1831. A escena que hoxe presentamos corresponde ao momento en que o Conde Rodolfo, home maduro, chega á aldea onde pasou a xuventude despois de moitos anos de ausencia, e canta unha fermosa aria lembrando a súa mocidade.

Giocomo Puccini (1858 – 1924) estreou Gianni Schicchi no ano 1918, na Metropolitan Opera de New York e desde ese momento converteuse nun grande éxito. Na famosísima aria O mio babbino caro (Oh, meu querido papaiño) canta Lauretta e di que irá á Porta Rossa comprar un anel de voda. Pero se o amor seu fose en van, entón tirárase ao río Arno dende Ponte Vecchio (a famosa Ponte Vella de Florencia). María Callas é unha das intérpretes máis destacadas desta peza. Hoxe será Paloma Suanzes, a nosa profesora de canto, quen nos vai emocionar con esta marabillosa música.

Quen non coñece a famosísima Barcarola de Os contos de Hoffmann, composta por Jacques Offenbach? O autor, nacido en 1829, morreu un ano antes da representación da ópera en 1881. O dúo Belle nuit, que hoxe representamos, encarna o momento en que Niklaus, amigo do protagonista - que aínda que é un personaxe masculino é interpretado por unha mezzosoprano - e a cortesana Giulietta cantan a beleza da noite nun palacete de Venecia.

Il Trovatore, famosa ópera de Giuseppe Verdi (1813 – 1901), transcorre no marco da revolta de Jaime II de Urgell contra Fernando I de Aragón, nos territorios de Biscaia e Aragón a principios do século XV. É famosísimo o Coro do ingre, ou Coro de xitanos: Quen embelece os días do xitano?, a xitanilla!. Con Verdi rematamos o concerto, cun dos fragmentos operísticos máis coñecidos universalmente: o Coro dos escravos xudeus Va pensiero, pertencente á ópera Nabucco (estreada en La Scalla de Venecia en 1852). Os xudeus, servos do rei babilonio, dende as beiras do río Éufrates lanzan ao vento o seu canto de saudade pola terra: Voa, pensamento, coas ás de ouro e pousate nos campos e no cimo dos montes da miña querida terra natal. No seu momento o pobo italiano, baixo o dominio do imperio Austro-Húngaro, tomou esta peza como un himno nacionalista, identificando o seu sometemento co sometemento do pobo de Israel ao xugo Babilonio.